

## Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. O libro *Brooklyn Follies* de Paul Auster gustoume moitísimo. Este autor, xa mo recomendara miña nai, e podo dicir que este libro non me decepcionou en absoluto. Pareceume case como un libro de aventuras, que na súa maior parte lle acontecen a Nathan: o reencontro co seu sobriño, a aparición de Lucy, os chanchullas do impostor Harry Brightman, a avaría do coche que levou ao descubrimento do hotel existencia e a aparición de Honey, a viaxe a Carolina do Norte para buscar a Aurora etc.... Un dos aspectos que máis me gustou do libro foi o feito de que Tom e Nathan están todo o rato a falar de literatura, o que os fai conversar de moitos autores. Un dos que máis falaron foi Kafka. Tal foi a súa presenza neste libro, que ao rematalo non puideron evitar buscar "A metamorfose" de Franz Kafka, para comezar a lelo. Outra das cousas que tamén me gustou do libro foi a viaxe de Nathan a Carolina do Norte, onde coñece ao devoto David, marido da súa sobriña. A aparición deste personaxe e a descrición da igrexa á que pertencía pareceume como unha especie de crítica á igrexa, e ás cousas que chegan a facer os seus devotos con tal de ter satisfeito ao seu cura, aínda que sexan enormes estupideces como a do día do silencio, non ter certos aparatos na casa, etc... Sen dúbida unha das cousas que máis me gustou do libro foi o final. En resumo, pareceume un libro no que cada novo personaxe que aparecía, complementaba ao anterior. Así pasou co reencontro de Tom e Nathan que abriu un novo capítulo nas súas vidas; a aparición de Lucy fixo sacar a parte dos dous máis tenra; sen a chegada da nena, nunca terían ido á casa da media irmá de Tom, polo que nunca se avariaría o coche, e nunca coñecerían a Honey, futura muller de Tom. A aparición de Aurora fixo que nacera un vínculo máis que de amizade entre ela e Nancy (antigo amor platónico de Tom); e sen ese vínculo, Nathan non coñecería á nai de Nancy, da que remataría namorándose. Pareceume un libro moi completo, cunha historia que engancha e ademais moi interesante, que nos fai pensar en como a aparición dunha persoa nas nosas vidas, pódela facer cambiar por completo. **(Cora)**

2. Este libro gustoume moitísimo. A verdade, elixino porque era unha historia interesante e nunca lera un libro deste tipo e, ademais xa me tiñan falado do bo escritor que é o autor deste libro, Paul Auster. Gustoume en realidade por tratarse de algo diferente, e non saber por onde vai tirar o autor na historia, porque moitos libros xa sabes máis ou menos por onde "van os tiros" polo cal a historia perde parte de interese por parte do lector, ou polo menos a min pásame. Ademais neste libro mestura a xente de diversas idades e ves cales son as opinións que teñen e que diferentes ou parecidas son en moitos casos aparte reflicte a vida das distintas persoas, o paso do tempo... etc. **(Blanca)**

3. Este libro gustoume moitísimo, e non só porque é un libro que "engancha dende o principio, e que conta unha historia que á súa vez mestura outras historias, senón tamén porque está moi ben contada, e parece que é Nathan quen escribiu a súa vida. Unha das partes que máis me gustou é cando Nathan decide escribir todos os momentos especiais e as meteduras de pata da súa vida e da dos que viven ó seu redor, e, máis tarde, gustoume a parte na que aparece Lucy, e alégralles a vida a Nathan e Tom. En xeral gustoume moito a forma que ten o autor de mostrar como, a partir dunha decisión do protagonista un pouco pesimista, como é a de retirarse a Brooklyn para morrer, e é coma se xa nada lle importase, consegue enfocar a vida dunha forma optimista, que fai que Nathan refaga a súa vida, e, sobre todo, encantoume o final, porque non mo esperaba, e ... **(Clara)**

4. *Brooklyn follies* pareceume un dos libros máis entretidos que lín nos últimos tempos. A miña nai xa me recomendara ler a Paul Auster, autor de gran prestixio a nivel internacional. A verdade é que cando lín o argumento non me imaxinei como se ía desenvolver a historia, xa que a partir do simple feito de que Nathan se mude a Brooklyn a vivir o que lle queda de vida, desencadéanse unha serie de acontecementos que xamais se me ocorrerían. Unha das cousas que máis me gustou foi o optimismo de Nathan durante toda a novela. A pesar de padecer un cancro nunca manifesta a súa melancolía e sempre está aberto a vivir novas aventuras como cando se aloxaron uns días en casa Chowder ou como acoller a Lucy no seu apartamento mentres non atopaban á súa nai. Por outra banda, tamén me sorprende moito o desenvolvemento da personalidade de Aurora, que vendera o seu corpo de moza, despois casara cun membro dunha seita cristiá que non a deixaba vivir, e por último descubriu que lle gustaban as mulleres e mantivo unha relación con

Nancy Mazzuchelly. Na miña opinión, Tom é o personaxe que realiza unha evolución máis positiva ao longo do libro: Cando Natham o atopou estaba perdido, abandonado, con quilos de máis e sen as ideas claras. Sen embargo, ao final da historia está ... un personaxe moi peculiar. En conclusión, esta novela gustoume moitísimo, xa que nela figuran todo tipo de situacións e de personaxes e fíxome reflexionar no feito de que nós podemos ser aquilo que queiramos, o único obstáculo somos nós mesmos. **(Carmen)**

5. Este libro gustoume moito tanto pola súa temática (que é diferente porque o protagonista cre que vai morrer) como pola forma de narralo, que engancha e faino máis realista. Non podo dicir que un personaxe non me gustou máis ca outro porque hai persoas que son así na realidade, o que fixo que me gustase máis o libro. O que si, o personaxe que máis me gustou foi Lucy, a sobriña-neta do protagonista, tanto pola súa espontaneidade como polas cousas que fai (como o de meter coca-cola no depósito do coche para que non a leven con Pamela, a irmanastra do seu tío). Todas as partes do libro me gustaron, pero especialmente o final porque o enlaza cun suceso real, que foi o atentado do once de setembro. Pero tamén me gustou todo o libro porque é como se tratase de ... dicirnos que non nos damos conta de que ás veces estamos a malgastar a vida ata que nos din que temos algo incurábel. En resumo, este libro encantoume e recoméndollo a todo o mundo, aínda que é un pouco longo. **(Teresa)**